



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 03/10/2024, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

#### PRESIDENCIA

DOMINGUEZ SISTO, Aurea (AdV)

#### CONCELLEIROS

#### PARTIDO POPULAR (PP)

INSUA LAGO, Luis Manuel  
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana  
TRABA FERNANDEZ, José Manuel  
SUAREZ SILVA, Jenifer  
CANOSA TRILLO, Manuel

#### ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AdV)

MARTINEZ TRABA, Francisco  
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

#### PARTIDO SOCIALISTA (PSdeG – PSOE)

MARCOTE SUAREZ, José  
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

#### BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

FERNANDEZ MARTINEZ, TERESA

#### SECRETARIO - INTERVENTOR

VÁZQUEZ CAMPAÑA, Marcos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:02 horas, do día 03/10/2024, reúnen-se no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, dona Áurea Domínguez Sisto, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia da Presidenta e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado polo Secretario - Interventor, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto segundo as disposicións vixentes, a Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o

contido da seguinte **ORDE DO DÍA**

#### Intervén a Sra Alcaldesa quen manifesta:

-“ Necesitamos incluír por vía de urxencia un punto que é a aprobación da Conta Xeral, que xa foi presentada en Comisión e publicada. A urxencia radica en remitila dentro do prazo que remata o 15 de outubro ao Tribunal de Contas. Primeiramente imos votar a procedencia se lles parece ou se alguén ten algo que engadir.

Procédese á votación da inclusión deste punto e queda da seguinte maneira: votos a favor 10 (5 PP, 2 PSOE, 1 BNG, 2 Alternativa dos Veciños), ABSTENCIÓNS: 1 (Francisco Traba de AdV ).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Queda polo tanto aprobada a inclusión por vía de urxencia de dito punto”.

A continuación procédese á votación da aprobación da Conta Xeral do Concello de Fisterra correspondente ao exercicio 2023 nos termos que constan no expediente que está integrada polas Contas do Concello ademais da documentación complementaria legalmente establecida que teñen todos os concelleiros quedando como segue:

Votos a favor 5 ( 2 Alternativa dos Veciños, 2 PSOE, 1 BNG ) ABSTENCIÓNS 6 (5 PP, 1 Francisco Martínez Traba de AdV).

Queda polo tanto aprobada.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

A Sra. Alcaldesa somete a votación a proposta de aprobación das actas das sesións do Pleno da Corporación de 01/08/2024 e 10/09/2024, sendo aprobadas por unanimidade dos asistentes.

#### **2º) PROPOSTA PARA RATIFICAR, SE PROCEDE, O DECRETO DICTADO POLA ALCALDIA NUM. 538/2024, DE DATA 26/09/2024 RELATIVO Á DETERMINACIÓN DOS DIAS CON CARÁCTER DE FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2025**

**Sra. Alcaldesa:**

-“Propóñense as datas **luns 21 de abril e luns 8 de setembro de 2025**”

Sométese á votación e quedan ditas datas aprobadas por unanimidade.

#### **3º) PROPOSTA DE PAGO DE DIETAS POR MANUTENCIÓN E DESPRAZAMENTOS AOS MEMBROS DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE FISTERRA POR RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2024.**

Vista a solicitude presentada por Pablo Casais Trillo en representación da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil Fisterra en data 14/03/2024 (RE 202499900000235) que inclúe a Memoria gráfico-descriptiva das actividades de verán 2023 da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil Fisterra no Faro de Fisterra así como a folha da liquidación de gastos de Protección Civil Fisterra “Traballo no control do acceso ao Faro 2023”, todo o cal recolle os traballos realizados a solicitude deste Concello polos voluntarios durante o verán de 2023, en concreto dende o 18/07/2023 ao 15/09/2023.

Tendo en conta que a prestación dos mencionados servizos conlevou un importante aforro ao Concello de Fisterra, evitando a contratación de empresas prestadoras do servizo ou a utilización de persoal municipal fóra do horario de traballo, cos gastos que elo implica.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Visto o Informe e Secretaría-Intervención de data 24/09/2024 obrante no expediente.

Tendo en conta o establecido no artigo 2.2 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, así como nos artigos 23.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, e 26 e 60.2 do Real Decreto 500/1990, a Alcaldía propón ao Pleno:

**PRIMEIRO.** Aprobar o Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 3/2024 para o pago (aplicación orzamentaria 920.23000) das dietas por manutención e kilometraxe aos voluntarios da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil Fisterra polos servicios prestados no verán de 2023 no Faro de Fisterra do xeito que segue:

Terceiro	Concepto	Importe
Pablo Casais Trillo	Desprazamentos en vehículo particular	327,60 €
Pablo Casais Trillo	Dietas	846,30 €
Miguel Benlloch Ruiz:	Dietas	846,30 €
Carlos Casais Trillo:	Dietas	846,30 €
Roberto Trillo Lago	Dietas	846,30 €
Rodrigo Casais Trillo	Dietas	846,30 €
María Ángeles Marcote Lago	Dietas	846,30 €
<b>TOTAL</b>		<b>5.405,40 €</b>

### Intervén a Sra. Alcaldesa quen manifesta:

-"A Agrupación fixo un servizo que foi atender durante todo o verán de 2023 o faro e as súas inmediacións. Nós acababamos de chegar e no faro a situación era desbordante, eles fixeron unha colaboración con nós e con este expediente o que pretendemos é pagarles as dietas dos días que pasaron no faro. Tráemolo a Pleno porque segundo o Secretario é mellor así que por Resolución de Alcaldía, ante a ausencia de intervencións procédese a votación:

Votos a favor: queda aprobada por unanimidade dos asistentes".

### 4º) PROPOSTA DE MODIFICACION ORZAMENTARIA 13/2024, NA MODALIDADE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 300.000,00 €.

Dado que a entidade dispoñe de remanente de Tesourería positivo por importe de 1.420.841,10 €, aprobado por Decreto 191/2024, de 04/04/2024, de aprobación da Liquidación do exercicio anterior e ante a existencia de gastos para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, faise precisa a Modificación Orzamentaria 13/2024, na modalidade de Suplemento de Crédito financiado con remanente líquido de Tesourería, por un importe de cincocentos trinta mil catrocentos euros (300.000,00 €).

Así, con data 20/09/2024, esta Alcaldía emite a correspondente Providencia Memoria na que se recollen os detalles da modificación de créditos a realizar.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Con data 23/09/2024, emitiuse informe de Secretaría-Intervención sobre a lexislación aplicable, procedemento a seguir, fiscalización previa e a estabilidade orzamentaria.

Á vista dos anteriores antecedentes, tendo en conta a normativa de aplicación, considerase que o expediente está tramitado conforme á lexislación aplicable, e procede a súa aprobación polo pleno da corporación, de conformidade co artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local a Alcaldía  
**PROPÓN:**

1º) Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 13/2024 financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, na modalidade de suplemento de crédito por un importe de **trescentos mil euros** (300.000,00 €).

As aplicacións afectadas pola modificación proposta quedan desglosadas do xeito que segue:

### Suplemento de Crédito en Aplicacións de Gastos

APLICACIÓN		DESCRICIÓN	CREDITOS ACTUAIS	SUPLEMENT O CREDITO	CREDITOS FINAIS
PROG.	ECO.				
160	213.00	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS TÉCNICAS E UTILLAX	40.000,00 €	10.000,00 €	50.000,00 €
161	213.00	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS TÉCNICAS E UTILLAX	45.000,00 €	30.000,00 €	75.000,00 €
165	213.00	MAQUINARIA, INSTALACIÓNS TÉCNICAS E UTILLAX	20.000,00 €	10.000,00 €	30.000,00 €
231	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	36.500,00 €	20.000,00 €	56.500,00 €
231	625.00	MOBILIARIO	5.000,00 €	5.000,00 €	10.000,00 €
334	226.09	ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO	150.000,00 €	30.000,00 €	180.000,00 €
338	480.00	FOM. DEPORTE, ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	50.000,00 €	16.000,00 €	66.000,00 €
341	227.06	FOM. DEPORTE, ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	4.500,00 €	10.000,00 €	14.500,00 €
920	130.00	ADMON XERAL, PERSOAL LABORAL	18.475,94 €	30.000,00 €	48.475,94 €
920	151.00	ADMON XERAL, GRATIFICACIÓNS	4.800,00 €	4.000,00 €	8.800,00 €
920	215.00	ADMON XERAL, COMPLEMENTO ESPECÍFICO	2.000,00 €	10.000,00 €	12.000,00 €
920	220.00	ADMON XERAL, MATERIAL NON INVENTARIABLE	3.000,00 €	10.000,00 €	13.000,00 €
920	221.99	OUTROS SUBMINISTROS	35.000,00 €	25.000,00 €	60.000,00 €
920	227.00	LIMPEZA E ASEO	111.125,00 €	25.000,00 €	136.125,00 €
920	227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS	204.000,00 €	65.000,00 €	269.000,00 €
		<b>TOTAL</b>	<b>729.400,94 €</b>	<b>300.000,00 €</b>	<b>1.029.400,94 €</b>

Esta Modificación do orzamento municipal financiase con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio anterior, nos seguintes termos:

### Orzamento de Ingresos

Aplicación Económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
870	00		Remanente de Tesourería para gastos xerais	300.000,00 €
			<b>Total</b>	<b>300.000,00 €</b>



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado, si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

### **Sra. Alcaldesa**

-“No anterior Pleno trouxemos xa unha modificación de crédito, de 545.000 €, ese expediente que trouxemos no anterior Pleno recollía xa facturas recibidas, agora decidimos ( por recomendación do Secretario Interventor ) traer a seguinte de 300.000 € porque xa quedou claro na Comisión Informativa o que queríamos facer con eso, é un pouco de prevención, con isto teríamos cuberto o pago a provedores ata Decembro, é unha previsión se esperamos a ter as facturas tardaríamos en pagarles aos provedores máis de 3 meses. O que di a Lei é que as Administracións deben pagar nun prazo máximo de 60 días, senón facemos así imos incumplir. Nós temos moitos provedores que son autónomos e que aportan materiais. Este expediente trae unha previsión (non facturas): material de reparacións, material eléctrico, alumeados de Nadal, servizos terapéuticos (como ASPADEX), o plan RESPIRA, actividades culturais, subvencións para festas, gratificacións (horas extraordinarias) ao persoal funcionario e laboral, outros subministros, limpeza viaria, e dos inmobles que se reforza no verán sobre todo os aseos públicos que deixamos abertos, traballos técnicos ( moi importante porque temos pensado realizar os proxectos para o POS 2025). Hai que pagar a esa xente, non só é aprobar en Pleno e poder pagarles as facturas sen ter que esperar. A modificación de crédito que se fai en Pleno require un Edicto de exposición pública de aprobación provisional, e logo outro 2º Edicto de aprobación definitiva, o que implica un prazo de 3 meses polo menos, contando que se celebre o Pleno ao día seguinte de recibir a factura, o cal non é así porque recollemos as facturas de 2/ 3 meses.

Con esta Modificación de crédito, pretendemos evitar que os provedores esperen ao pago destas facturas, o que non se gaste eu non vou levar, queda aí, se chega mellor, pero incluso nalgunhas partidas podemos quedar escasos.

No anterior Pleno esta corporación aprobou 545.000 €, pero por exemplo en 2023 as modificacións de crédito foron de 1.331.000 €, en 2022 = 761.000 €, en 2021 = 690.000 €.

Nós coa anterior aprobación de 545.000 + 300.000 serían un total de 845.000 € quedaría moi debaixo do ano pasado.

E moi necesario por iso traemos esta proposta sen ter as facturas físicas e pido que pensen nesto e o prexuízo que pode supoñer.

E bo para o Concello, para os provedores e para Fisterra”.

**Intervén o Sr. Luís Insua:**



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

-Todo iso que acaba de comentar de pagos a provedores de diferente índole: Aspadex, Autónomos, que efectivamente deben cobrar. Na Comisión do pasado mércores dixémoslle que entre estes 13 conceptos tan xenéricos ( por exemplo inmobiliario 5.000 € ) nós pedímoslle que como na anterior modificación detallaran algo máis.

Eu entendo que vostede non quere que se lle aprobe isto, o que vostede pretende é seguir xogando o papel de vítima. Independientemente en xuño aprobamos unha de 545.000 €, agora 300.000 €, un total de 845.000 € en dous meses”

### **Intervén a Sra. Alcaldesa:**

-“Eu penso que non estivo atento á explicación. A Modificación anterior ía destinada a facturas que xa tiñamos no Concello, esta é unha previsión para que os provedores non teñan que esperar ata marzo de 2025”

### **Sr. Luís Insua:**

-“Está xogando cos tempos que non son así, na Comisión díxose que era un mes. Nós imos apoiar aos provedores vostede o que ten que facer é aprobar os orzamentos cos 6 votos que conseguiu que lle deran a Alcaldía. Despois non hai problema o que pasa é que vostede non é capaz, tróuxonos a un Pleno e retirounos da Orde do Día, no seguinte conseguiu 3 votos a favor. A súa incapacidade e pouca responsabilidade cando vertemos unha información que non é verdade pode pasar que conte só con dous apoios.

A raíz do victimismo e das mentiras que vostede verte sempre fixo alusión a min nunha rede social comentando que para Setembro vostede xa non ía estar aquí (primeiro di unha cousa e logo na radio di outra contraria ) o que co tempo van saber todos os veciños.

Estas mentiras teñen as patas curtas e o victimismo dura o que dura”.

### **Sra. Alcaldesa:**

-“Vostede está coa cabeza noutras cousas, eu estoulle dicindo que estas modificacións de crédito non as invento eu”

### **Sr. Luís Insua:**

Dirixíndose ao grupo do PSOE e BNG, eles tiñan un orzamento porque eran maioría. Vostede non conta con esa maioría”.

### **Sra. Alcaldesa:**

-“ Pero tendo o orzamento xa viu que eran necesarias as Modificacións de Crédito porque o orzamento non deixa de ser unha previsión pero logo no día a día vese por exemplo no 2023 a modificación que se trouxo a Pleno ascendeu a 1.331.000 € .

Durante todos estes anos existían presupostos aprobados”.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### **Sr. Luís Insua.**

-“Entón había uns presupostos moi ben feitos. Faga vostede uns”

### **Sra. Alcaldesa:**

-“Que ten que ver unha cousa coa outra”

### **Sr. José Marcote:**

-“A idea do Secretario Interventor paréceme moi correcta ao aconsellarlles que fixeran unha modificación de crédito a estas alturas, estamos en outubro e é unha práctica moi habitual nestas datas facer unha previsión do presuposto ata final de ano para non ter problemas no Concello e sobre todo os que teñan que cobrar do Concello. Completar as partidas para que se poidan pagar en tempo e forma polo tanto admito que o consello do Secretario está moi ben dado, tamén lles fixo un informe que está moi ben feito como ben lles di este ano non nos van perdoar non cumprir a regra do gasto. Imos estar en perigo de entrar en inestabilidade presupostaria, eso pode conlevar que nos obriguen a facer un plan económico-financeiro o que non lle gusta a ninguén porque iso leva axustes consigo.

O que lles recomendo é que fagan caso dese informe. Hoxe en día sería moi conveniente que o leran e que tomaran as medidas oportunas para que o Secretario Interventor non teña que facer outro informe. Esta modificación vai destinada a gastos xerais eso quere dicir que estamos descompesados. Gastamos máis do que ingresamos, esa é a lectura práctica desto. Falamos de gastos correntes que son repetitivos, non é algo que teñamos este ano e o ano que vén non, co cal imos ter déficit todos os anos e na medida en que poidamos ir compensando co remanente de tesourería, isto non vai ser eterno, o normal é solventar esta situación.

Hai que tomar as medidas oportunas para equilibrar os ingresos e os gastos. Eu diría que se deixen aconsellar polo Secretario, nós imos votar a favor para non complicarlle a vida á xente que traballa para o Concello.”

### **Sra. Alcaldesa:**

“A estabilidade orzamentaria ata agora desde o ano 2020 levantáronse as normas polo COVID se non Fisterra xa houbera estado desde o 2022. Temos que seguir adiante e se temos que facer un plan farémolo”.

### **Sr. José Marcote:**

-“O Plan Económico financeiro é unha situación excepcional pero o que che din é que tomes as medidas para que non o teñas que volver a facer. Nós xa tivemos un principio de todo pero logo tomamos as medidas para non ter máis.”.

### **Sra. Teresa Fernández:**



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

-“Eu non vou ser repetitiva e como xa falamos na Comisión Informativa imos seguir co voto favorable, como manifestaba o portavoz do PSOE nos gobernos anteriores fixemos o mesmo polo tanto non ten sentido votar en contra.”

Procédese á votación e queda da seguinte maneira:

Votos a favor 5: (2 Alternativa dos Veciños, 2 PSOE, 1 BNG).

Votos en contra 6: ( 5 PP, 1 de Francisco Traba de Adv).

Non se aproba pois a Modificación de Crédito.

### **5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN DO REFORMADO DO PROXECTO TÉCNICO PARA A REHABILITACIÓN DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE FISTERRA.**

Visto o Documento Reformado do Proxecto Técnico para a Rehabilitación do Polideportivo Municipal de Fisterra, asinado en data de 07/08/2024 polo arquitecto Alfonso Botana Castelo, colexiado nº 2405, por importe total de orzamento de contrata de 408.198,62 €.

Visto o Requerimento de enmenda de documentación da Deputación Provincial da Coruña de data 16/09/2024, polo que se require ao Concello de Fisterra a que complete a documentación xustificativa presentada co “Acordo de Aprobación do novo proxecto asinado en agosto de 2024, polo arquitecto Alfonso Botana Castelo, colexiado número 2.405, unha vez consta no expediente informe favorable de supervisión do proxecto emitido polo Servizo de Asistencia Técnica a municipios”.

Visto o Informe de Secretaría-Intervención de data 25/09/2024 obrante no expediente.

Esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno da Corporación:

1º) Aprobar o Documento Reformado do Proxecto Técnico para a Rehabilitación do Polideportivo Municipal de Fisterra, asinado en data de 07/08/2024 polo arquitecto Alfonso Botana Castelo, colexiado nº 2405, por importe total de orzamento de contrata de 408.198,62 €.

2º) Remitir certificado deste acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña, para o seu coñecemento e demais efectos.

#### **Sra. Alcaldesa:**

-“Tivemos que facer un modificado do proxecto xa que se quedou curto o orzamento de execución que tiña un presuposto de 236.242 € máis IVE e que sufriu un incremento dun 20% de obra.

Como non se producen intervencións, procédese á votación e queda como segue:

Votos a favor 10: 5 PP, 2 de Alternativa dos Veciños, 2 PSOE, 1 BNG.





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Abstención: 1 de Alternativa dos Veciños por parte de Francisco Martínez Traba.”

### 6º) MOCIÓNS DE GRUPOS POLITICOS

#### **MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DO BNG TERESA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ “MOCIÓN PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS”.**

Rexistro de Entrada número 1708 de data 25/09/2024 co seguinte contido:

“O anuncio da Xunta de Galiza do incremento do canon de SOGAMA para 2025, loga da suba xa aprobada en xullo de 2024, suporía un incremento acumulado de máis do 60% o canon tipo pasaría dos 68 euros / tonelada da primeira metade de 2024 ( coa bonificación do 15% máis d e100 concellos pagaban 56 euros ) aos 108 euros en 2025.

Un auténtico sablazo e un atraco que merece unha resposta contundente por parte dos concellos.

No outono de 2022 a Xunta incluíu no borrador de orzamentos para 2023 a supresión da bonificación do 10% do canon para aqueles concellos que implantasen a recollida separada dos biorresiduos e repercutisen a bonificación nos recibos que paga a veciñanza. Logo dun rexeitamento xeneralizado en vésperas das municipais, Rueda anunciou no parlamento o incremento da bonificación ata o 15% nos concellos con recollida separada de biorresiduos e quinto colector ou colector marrón, medida que se comezou a aplicar no ano 2023.

A mediados do ano 2024 a Xunta elimina a bonificación e incrementa o canon nun 30% dos 68 aos 88 euros por tonelada ( os concellos con bonificación do 15% pagaban 56 euros por tonelada )

E agora anuncia un novo taxazo par 2025 que elevaría a factura ata os 108 euros ( suponse que a medida se tramitará na lei de acompañamento de orzamentos 2025). Desde o BNG consideramos que este incremento unilateral, desproporcionado e abusivo do canon aos concellos é consecuencia do fracaso estrepitoso do sistema SOGAMA, baseado en solucións finalistas como a incineración e o depósito en vertedoiro, penalizados pola normativa europea de residuos.

A Xunta ratifica a necesidade deste incremento polo desfase nas contas de SOGAMA como consecuencia de decisións do goberno central, que tiveron unha repercusión de 21,3 millóns de euros nas contas da empresa en 2023.

Aínda que a Xunta procure escusas e xustificacións externas, a causa do desfase económico de SOGAMA e dos seus números vermellos é a ineficiencia e o elevado custo do transporte, a xestión centralizada e a incineración de residuos, e sobre todo, o erro que supón optar en exclusiva pola opción absolutamente superada da incineración.

O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa,



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no ano 2020 foi do 21% cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que se chegou ás 3.000 €.

En lugar de abrir un debate sobre a cuestión dos residuos e introducir cambios no sistema de xestión para adaptalo ás esixencias da directiva marco de residuos, a Xunta opta por facerlle pagar aos concellos o fracaso dun sistema centralizado, obsoleto, moi custoso e antiecolóxico.

A Xunta opta pola solución fácil dun novo sablazo aos concellos, seguindo coa súa especialidade de buscar culpables en lugar de propoñer solucións.

O novo taxazo anunciado para o 2025 ( que levará o canon a 108 euros por tonelada ), o que supón un incremento total de máis do 60% de media en poucos meses ( o incremento é maior para os máis de 100 concellos que pagaban un canon bonificado de 56 euros por tonelada a cambio de implantar a recollida separada dos biorresiduos.

Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello, O Grupo Municipal do BNG, propón ao resto da corporación a adopción do seguinte ACORDO:

-Rexeitamento aos taxazos de SOGAMA ( o aprobado en xullo, o anunciado para 2025) que a Xunta de Galiza pretende aprobar.

-Instar a un xiro na política de residuos, primando e incentivando a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe, fronte ao custoso e antiecolóxico sistema SOGAMA baeado na incineración.

-Solicitar creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 – antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión acceder á redución do canon e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria.

### **Sr. Luís Insua:**

-“O canon de SOGAMA incrementábase por uns motivos: imposto a incineración, a vertedura, sobre a produción de enerxía.

Ademais da Orde Ministerial que elimina a contribución que recibían pola planta termo eléctrica de Cerceda. Todo isto provoca que SOGAMA caera nun sobrecusto de 30 millóns de euros por tonelada. Malia este sobrecusto a Xunta de Galicia fixo que medio se conxelara e se estancara en 66 € / tonelada igualando os prezos de 2023 para os municipios, a maiores hai que dicir que segue sendo SOGAMA máis barata que a Mancomunidade de Concellos do Barbanza.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Para que non siga caendo en perdas SOGAMA incrementa o canon pero a Xunta de Galicia vai seguir de media conxelando este canon. Son os factores que motivan este sobrecusto. Non se incrementa para que ganen máis, se non que están nunha situación de perda”

### **Sra. Teresa Fernández:**

-“Nós seguimos dicindo que son xustificación externas, sobre todo a causa do desfase económico de SOGAMA”

### **Sr. Luís Insua:**

-“Na Moción que vostede presentou viña motivada por factores estatais”

### **Sr. Francisco Lestón:**

-“Nós desde Alternativa dos Veciños estamos de acordo coa Moción, parécenos un sobrecusto excesivo, difícil de asumir por parte do Concello, e votamos a favor”

### **Sr. José Marcote:**

-“Nós tamén votamos favorablemente porque nós xa viñamos presentando desde hai meses unhas Mocións parecidas a estas reclamando o mesmo en todos os Concellos de Galicia, estamos de acordo no fundamental desta cuestión.

Esto vén de que levamos demasiado tempo apostando por un modelo de tratamento de residuos, co cal Europa xa nos leva moito tempo dicindo que non está de acordo, de aí ven este sobrecoste. Nós entendemos que hai que cambiar o modelo e como di a Moción haberá que sentarse cos municipios e coa FEGAMP para ver como se pode tratar esta cuestión e non incrementar de golpe, e pasarlle aos veciños, que temos a obriga de incrementarlle as taxas, senón estaríamos incorrendo nunha ilegalidade.

Hai que tomar decisións consensuadas. “

Procédese á votación que queda da seguinte maneira:

A FAVOR ( 2 Alternativa dos Veciños, 2 PSOE, 1 BNG )

EN CONTRA ( 5 PP )

ABSTENCIÓNS (1 de AV por parte de Francisco Traba )

Procédese a unha segunda votación na que se obtén o mesmo resultado.

Queda polo tanto aprobada polo voto de calidade da Presidencia (artigo 100.2 ROF).

**MOCIÓN PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DO BNG TERESA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ “MOCIÓN SOLICITANDO CONDENA DO XENOCIDIO EN GAZA E A OCUPACIÓN DE PALESTINA”.**



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Rexistro de Entrada número 1709 de data 25/09/2024 co seguinte contido:

“Desde o Grupo Municipal do BNG vemos con grande preocupación a grave situación que se está vivindo na Palestina e cremos que compartimos estes sentimentos coa maioría da veciñanza. Sendo o Concello a institución máis próxima ao sentir da cidadanía, consideramos imprescindible que o Concello de Fisterra faga súa esta preocupación e as demandas de sentir popular e denuncie a grave vulneración do dereito internacional e os crimes de guerra que día a día e ano tras ano está a cometer o Estado de Israel.

O pobo palestino está a sufrir unha agresión brutal e inhumana, non só desde o 7 de outubro senón desde hai máis de 76 anos. O estado de Israel leva décadas de

ocupación ilegal dos territorios palestino e utiliza a forza militar e a violencia para impor a súa presenza e manter un réxime de Apartheid en Palestina.

Os terríbeis ataques e bombardeos en Gaza deixan máis de 41.000 vítimas mortais, milleiros de persoas desaparecidas e feridas que non teñen posibilidade de atención médica. Unhas cifras terríbeis que aumentan co paso dos días. A destrución dos fogares da maioría da poboación de Gaza, o derrubamento de infraestruturas civís, sen respectar nin escolas nin hospitais, está a provocar o desprazamento forzado de centos

de milleiros de habitantes da faixa cara as chamadas “zonas seguras” nas que tampouco se respecta a poboación civil. Os cortes de subministracións e o peche total das fronteiras baixo control de Israel teñen como consecuencia unha grave desnutrición e fame, especialmente nos máis vulnerábeis, e a morte de persoas enfermas e feridas que non teñen acceso a medicamentos nin atención médica, situación que denuncian organizacións como a OMS, Cruz Vermella, a Media Lúa Vermella ou Médicos sen Fronteiras.

Na Palestina ocupada é preocupante a escalada de violencia e do roubo de terras para asentamentos ilegais. Desde outubro de 2023 máis de 652 palestinos foron asesinados fóra de Gaza, incluíndo 150 menores, milleiros de persoas desprazadas pola violencia,

a ocupación e o roubo das súas propiedades e máis de 12.000 persoas detidas en prisións israelís sen cargos nin xuízos.

O pasado 18 de setembro, a Asamblea Xeral da ONU adoptou por abafante maioría unha resolución para esixir a fin da ocupación dos territorios palestinos. Esta resolución “pide a Israel que poña fin sen demora á súa presenza ilegal nos territorios palestinos ocupados, incluído Xerusalén Este”. Esixe ademais, a Israel que devolva as ter ras roubadas á poboación palestina, permita o retorno ás persoas desprazadas e proceda a reparar os damnificados, e piden, ademais, á comunidade internacional que non recoñeza as consecuencias territoriais, legais nin demográficas da ocupación de territorio palestino.

Por todo isto, en defensa dos Dereitos Humanos, dos que toda persoa e pobo debe gozar, o Grupo municipal do BNG propón á Corporación a adopción do seguinte ACORDO:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

1. Condenar e rexeitar as accións militares do Estado de Israel tanto na Faixa de Gaza como no resto de territorios palestinos, o que supón unha grave violación do dereito internacional e solicitar a detención inmediata das agresións e a total retirada das tropas de ocupación e das colonias ilegais na Palestina.
2. Instar ao Goberno municipal a apoiar e difundir por todos os medios ao seu alcance a mobilización nacional de apoio ao pobo palestino do 6 de outubro en Compostela.
3. Amosar o respecto pleno ao dereito de soberanía da Palestina e da súa integridade territorial.
4. Manifestar a total solidariedade do Concello de Fisterra con Palestina e co seu pobo, lamentando a perda de milleiros de vidas e transmitir o profundo pesar polo padecemento da súa poboación.
5. Instar á Unión Europea a dar o apoio humanitario necesario ao pobo palestino, así como a intensificación da axuda humanitaria e de emerxencia.
6. Instar á UE ao Estado Español e ao Goberno da Xunta de Galiza a coordinarse para acoller nas mellores condicións ás persoas refuxiadas e a comprometerse con atención sociosanitaria das crianzas palestinas en grave situación de vulnerabilidade, e á ruptura de relacións diplomáticas e de acordos académicos e comerciais co estado de Israel.
7. Solicitar á UE un maior esforzo para impulsar unha desescalada da ocupación e da violencia a través de relacións diplomáticas e do respecto do dereito internacional
8. Instar ao Goberno municipal a comprometerse a non acoller ningún evento de carácter deportivo, cultural ou doutra índole con asociacións ou organizacións sionistas, adheríndose á convocatoria de boicot económico a Israel e comprometéndose a non mercar produtos de orixe israelí, nin realizar contratacións con empresas do estado sionista.
9. A corporación municipal do Concello de Fisterra recoñece o Estado Palestino, co seu territorio íntegro entre o río Xordán e o mar Mediterráneo.

### INTERVENCIONS:

#### **Sr. Luís Insua:**

–“É un tema delicado e complicado, desde o Grupo Popular estamos en contra de calquera tipo de violencia e conflitos deste tipo. Pensamos que hai outro tipo de formas para chegar a unha solución. Hai autoridades internacionais que estudan eses conflitos e as súas solucións”.

#### **Sr. Francisco Lestón:**

–“Desde Alternativa dos Veciños apoiamos esta Moción, non entramos a valorar moito, como dicían os portavoces Teresa e Luís, as guerras ninguén está de acordo con elas”.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### **Sr. José Marcote:**

-“ Nós estamos de acordo coa exposición de motivos porque é suficientemente clara e hoxe en día todo o mundo está enterado do que pasa, agora ben a nivel municipal quedánnos un pouco grande, estamos de acordo coa exposición de motivos, sen embargo coas conclusións non estamos de acordo con todas. Evidentemente cunhas si e con outras non, porque por exemplo o do territorio: o que non podemos é solucionar un problema creando outro. Xa hai moitos anos que se adoptou un acordo na ONU, é verdade que Israel nunca lle fixo caso a ese acordo, a solución a ese conflito non é outra que a creación de dous estados: o noso goberno apoia esa solución ( se fora viable ) Poñer certas cousas encima da mesa é querer non solucionarlas porque xa sabemos que son inviables, non conseguimos o dos dous estados. Os xudíos chegaron alí a ocupar un territorio que non era deles. Co mandato divino de Deus fixéronse co territorio, desde aquela aí están pelexando. Estamos de acordo coa maioría do que se contempla nesta Moción ( pero tamén é verdade que non nos imos a poñer a tomar solucións que non teñen sentido ). Quizais deberíamos ser menos concretos , non lle imos dicir nós desde o Concello de Fisterra á Unión Europea o que ten que facer.

Imos apoiar a Moción no sentido do que se plantea é certo pero coa salvidade de que cando presentemos Mocións, presentemos cousas que se poidan acordar.

Estamos de acordo co que está facendo o noso goberno, que incluso o goberno do PP ten criticado por medo a represalias do goberno israelí, que vai bastante nesa liña pero sen ser tan extremista.”

### **Sra. Teresa Fernández:**

-“Contestándolle ao voceiro do PSOE, todo tipo de mobilización e apoio tanto sexa por parte de Concellos ou en concentracións é importante.

Nós levamos case un ano a nivel comarcal concentrándonos, tamén a nivel nacional o próximo domingo vai haber unha manifestación en Santiago, penso que calquera cousa que se poida facer é importante .”

Sométese a Moción á votación e queda o seguinte resultado:

A FAVOR: (3 de AV, 2 PSOE, 1 BNG)

ABSTENCIÓNS ( 5 PP )

Queda aprobada a Moción.

### **MOCIÓN PARA ESIXIR AO GOBERNO GALEGO A LICITACIÓN E EXECUCIÓN INMEDIATA DAS OBRAS DA AUTOVÍA AG-55 DA COSTA DA MORTE.**

Rexistro de Entrada número 1710 de data 25/09/2024, dada conta do seu contido:

“A Costa da Morte leva moitos anos esperando a que as administracións executen unha autovía, que foi prometida, por activa e por pasiva, en cada unha as eleccións



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

que se sucederon dende o ano 2003, ano no que se anunciou a súa construción, a raíz do afundimento do buque-lixo Prestige e da desastrosa xestión polos gobernos da época, ao incluírse xunto con outras infraestruturas no famoso Plan Galiza.

Despois de seis anos de parálise do proxecto, de abandono nos estantes da Axencia Galega de Infraestruturas, e sen que se tramitara a licitación dos contratos de obra dos tramos pendentes do plan MOVE ( Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-20215 ) aprobada pola propia Xunta e polo goberno que hoxe segue a dirixila, aparecen novidades nunha crónica que o Partido Popular empeñase en que se sexa negra para os intereses da nosa comarca.

Neste mes, con motivo das iniciativas presentadas polo BNG no parlamento galego, interésandose polo remate das obras da autovía AG-55, anunciouse polos deputados do partido popular que a Xunta non ten a intención de rematar este ano a autovía AG-55, nin licitar os tramos que faltan por executar, nin intención de executala como tal, senón que pretenen, non se sabe cando, substituíla por un corredor, de un só carril por sentido. A Conselleira afirmou en sede parlamentaria que tiñan preparado e xa sometido a información pública, non se sabe onde, un proxecto dun tramo de cinco quilómetros entre Salto e Calo, non concello de Vimianzo. Estes cambios da Xunta os proclaman unha vez finalizadas as eleccións galegas, e despois de prometer nas mesmas , que fan rematar as obras da autovía a Fisterra.

O enésimo engano da Xunta gobernada polo PP á Costa da Morte é evidente, e os anuncios, manifestacións e declaracións de dirixentes da administración galega e de representantes políticos na comarca están os anuarios e nas hemerotecas, a respecto deste proxecto da autovía AG-55, que leva esperando xa 21 anos a ser finalizada.

A día de hoxe, non existe ningún pronunciamento político do partido popular da comarca, sobre a intención da Xunta de provocar un novo agravio á Costa da Morte, cuxa veciñanza non recibe o mesmo trato en investimentos de infraestruturas que si se realizan noutras zonas do noso país. O BNG considera que non se pode dar nin un paso atrás na planificación inicial, nin respecto da autovía, nin das conexións entre Berdoias e Cee e co porto de Brens, todas elas incorporadas no PLAN MOVE, aprobado polo propio PP no ano 2010.

A Costa da Morte, non pode permanecer inmóbil e tragar cunha nova afronta da Xunta de Galiza á nosa comarca, como se nada ocorre, e menos cando se trata dunha infraestrutura fundamental e vital para o desenvolvemento económico, para as comunicacións e para o transporte de bisbarra, necesaria tanto para conectar os parques empresarias e facelos máis atractivos e competitivos, como para facer máis segura as estradas nos desprazamentos en vehículos da veciñanza.

Ante este escenario terrible para os intereses da comarca, o Bloque Nacionalista Galego, entre outras medidas, convoca a todos os veciños e veciñas da Costa da Morte, a todas as asociacións e a todos os partidos políticos a participar nunha andaina da dignidade, o día 26 de outubro, entre Cee e Berdoias para reivindicar que comecen xa as obras da autovía e para deixar ben claro que non imos tragar cun corredor da morte.

Por todo o exposto, precisamos o demandamos o apoio de todos os concelleiros e concelleiras da Costa da Morte, para exixirlle ao goberno da Xunta de Galicia no



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

marco das súas competencias, as seguinte reivindicacións, polo que o pleno desta corporación ACORDA:

1.- Demandar á Xunta de Galiza o remate da autovía AG-55 e a conexión da mesma ao porto de Brens, tal e como se proxectou inicialmente no PLAN MOVE, e tamén co polígono industrial de Vimianzo.

2.- Apoiar a andaina do día 26 de outubro para esixir a execución inmediata do tramo da autovía entre Salto e Berdoias.

### INTERVENCÍONS

#### **Sr. Luís Insua:**

-"Si, nós xa votamos no último Pleno ordinario a favor. Entendemos que o fondo da Moción é que se realice este proxecto comprometido pola Xunta de Galicia, e como cremos que é unha infraestrutura necesaria para o desenvolvemento económico, imos votar a favor."

#### **Sr. Francisco Lestón:**

-"Nós, desde Alternativa dos Veciños tamén votamos a favor da Moción do BNG, estamos de acordo coa exposición do PP, se se fixeran 3 kms ao ano estaría rematada

pero ata agora non fomos capaces de facer iso. A ver se o goberno galego acaba esta autovía que tan necesaria é".

#### **Sr. José Marcote:**

-"Non cambia nada, só que está o Plan aí polo medio. Hai que ter coidado co que se mete nos acordos que se apoie a autovía está ben pero apoiar a manifestación que fai o BNG é outra cousa. Podíades apoiar as manifestacións pero cada un faga o que queira.

As Mocións teñen unha exposición de motivos moi boa pero á hora de acordar hai que tragar con cousas, para qué? Non hai necesidade pero apoiámola igual."

#### **Sra. Teresa Fernández:**

-"E unha petición que se fai "

#### **Sr. Jose Marcote:**

-"Pero está fóra de lugar"

#### **Sra. Teresa Fernández:**

-"Parécecho a ti "

#### **Sr. José Marcote:**

-"Nós non o facemos, cun único punto chega"





**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

**Sra. Teresa Fernández:**

-“Vós non vos manifestades por nada”

**Sr. Jose Marcote:**

-“Nós manifestámonos pero non lle dicimos a ninguén que veña á nosa manifestación”

**Sra. Teresa Fernández:**

-“ Se a presenta o BNG o normal é que se faga unha concentración ou andaina que é aberta a todo o mundo”

-“ Por alusión o Bloque fai política e outros están sentados no sillón só para cobrar o Pleno” ( dirixíndose ao Sr. José Traba )

**Sr. José Traba:**

-“Que a corporación apoie a manifestación do BNG é un pouco forte”

**Sra. Teresa Fernández:**

-“Como xa sei que non ides ir, non a apoiades”

Trala votación, a Moción queda aprobada por unanimidade.

**7º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA PARA COÑECEMENTO.**

Dase conta dos decretos que van dende o Decreto 2024/G003/000427, de data 26/07/2024, ata o Decreto 2024/G003/000565, de data 26/09/2024. O Pleno dase por enterado. Non se producen intervencións ao respecto.

**8º) RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA CONTRARIAS AOS REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN (ARTIGO 218.1 DO TRLHL).**

Non se producen intervencións

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

**9º) ROGOS E PREGUNTAS**

**INTERVENCIÓNS:**

**Sr. Luís Insua:**

-“Levamos coa Rúa Federico Avila 3 ou 4 anos, está totalmente destrozada, pasou o verán así”

**Sra. Alcaldesa:**



**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

-“Está na Mesa de Contratación e están valorando as propostas”

**Sr. Francisco Lestón:**

-“Contesto eu porque estou na Mesa, Federico Avila fíxose onte unha Mesa e mandóuselle a valoración ao técnico para que emitira a puntuación de cada empresa. Na próxima Mesa xa se emitirá”

**Sr. Luís Insua:**

-“Pero xa se sabe que é Mantido a empresa “

**Sr. Francisco Lestón:**

-“Non, a Mantido levou a obra do Camiño da Insua, o técnico valorará e na próxima Mesa adxudicaráselle á Empresa .

Esta obra podería empezar en 2/ 3 meses.”

**Sr. Luís Insua:**

-“O estado que presenta é vergonzoso”

**Sr. Francisco Lestón:**

-“Estou de acordo, no verán próximo xa non estará así”

**Sr. Luís Insua:**

-“ Por que razón había tirados libros no colector do lixo co selo da Biblioteca Municipal? Houbo xente que incluso os colleu e levounos para casa. Eran moitos libros. Non tedes constancia? Non eran nin dous nin tres, eran lotes”

**Sra. Alcaldesa:**

-“ Que colector é ese?”

**Sr. Luís Insua:**

-“Diante de Covirán”

**Sra. Alcaldesa:**

-“Non teño noticia”

-“Os voluntarios non tiran nada sen dicirmo”

**Sr. Luís Insua:**



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

-“Con respecto ao Polideportivo Municipal ademais da estrutura vanse cambiar os vestiarios, e equipamento deportivo”

### **Sr. Francisco Lestón.**

-“Temos unha memoria para reformar, mellorar as gradas, os vestiarios e a pista. Unha actuación custosa que chega a 125.000 €, estamos falando coa Deputación a ver se conseguimos unha axuda”.

### **Sr. Luís Insua:**

-“En relación á pista non dixo no anterior Pleno que limpándoa xa estaba”

### **Sr. Francisco Lestón:**

-“Agora mesmo non podemos facer ningunha actuación, a pista non está ben, hai que melloralala, nós non temos agora cartos para facer esa reforma, para iso temos unha memoria e estamos en busca de unha axuda económica para facerlle fronte”

### **Sr. Luís Insua:**

-“A instalación de auga tamén está moi deficiente, a auga do pavillón sae con óxido”.

### **Sr. Francisco Lestón:**

-“Na reforma van tamén os baños, grifería ”.

### **Sr. Luís Insua:**

-“Saíu hoxe o programa de actividades deportivas. Hai algunhas que comezan o 14 de outubro e rematan en decembro.”

### **Sra. Alcaldesa:**

-“Queremos aproveitar a contratación do técnico que temos para facer actividades:

Envellecemento activo, tenis”

### **Sra. Alcaldesa:**

-“E un extra para aproveitar a contratación do técnico, por iso facemos ese curso de 3 meses. Non sei que vos atravedes a pedir”

### **Sr. Luís Insua:**

-“Por que di eso?”

### **Sra. Alcaldesa:**

-“Coméntoo porque polo que acabades de facer coa modificación de crédito”.



**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

**Sr. Luís Insua:**

-“Xa empeza a queixarse e á noite escribirá algo nas redes sociais”

**Sra. Alcaldesa:**

-“por suposto eu vou escribir o que eu queira non o que queira vostede”

**Sr. Luís Insua.**

-“Pero polo menos diga a verdade.

Na zona do centro da vila están as arquetas empachadas, hai que actuar aí”

**Sra Alcaldesa:**

-“Xa o imos facer”.

**Sr. José Marcote:**

-“Sabemos se temos a documentación relativa ao PEPRI en plan Modificación puntual para traer ao Pleno.”

**Sra. Alcaldesa:**

-“Temos todo a punto penso que faremos un pleno extraordinario. Non dou tempo debido aos nosos informes desde Secretaría Intervención”.

**Sr. José Marcote:**

-“Xa sabemos onde se vai facer o novo centro de saúde?”

**Sra. Alcaldesa:**

-“Tivemos a visita o día 30 de setembro da Subdirectora de Investimentos do Sergas Belén Suárez. Recorremos o centro médico actual, a opción que máis nos gustaba a nós era a planta baixa e a 1ª do actual, que foi descartada inmediatamente pola subdirectora e dixo que non ía informar favorablemente. A Planta na que están actualmente e a inferior, vaina someter a valoración cun ascensor exterior polo oco da dereita que faga accesible ese inmovible. Despois fomos a San Roque, é unha parcela que cumpre cos aparcamentos pero é unha parcela que ía a valorar,,San Roque pola súa ubicación evitaría as persoas do núcleo de Fisterra usar o coche. Quedou que no prazo aproximado de 1 mes facía a súa valoración técnica e económica e que logo lla ía pasar aos superiores.

As dúas plantas superiores teñen posibilidades que a subdirectora non lle disgustaban Cando teñamos algunha noticia, teremos unha reunión, xa irei informando”.

**Sr. José Marcote:**



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

-“Temos algunha noticia de se se vai facer algo no Faro?”

### **Sra. Alcaldesa:**

-“Eu a noticia que teño é que o PP non cede as instalacións, non hai progresos de momento.”

### **Sr. José Marcote:**

-“Quen ten que dar a conformidade é a Autoridade Portuaria de A Coruña. O proxecto que nos deixamos era unha boa idea, e é unha tristeza seguir co Faro pechado”

-“Para arranxar Federico Avila necesitou facer un convenio con Portos de Galicia? Quizais tardou tanto en facela por eso, tampouco tiñamos as 2 fases”

### **Sra. Alcaldesa:**

-“Non tiñamos dispoñibilidade, tampouco tiñamos as 2 fases”

### **Sr. José Marcote:**

-“A nós xa nos pasou cunha soa fase. En principio quixemos facelo cunha soa, hai un proxecto no Concello. Nós solicitamos a Autorización de Portos de Galicia, pero nunca recibimos resposta. Queríannos obrigar a facer o convenio cando non era necesario.

A Rúa Federico Avila podería estar feita igual coa Autorización de Portos que nunca a quixo dar, por eso aínda esta así. Podería haber algún ano que estivese arranxada porque teño que recoñecer que desfacer desfixémola nós, ao facer a rede separativa debaixo”

-“O arquitecto está contratado por 3 meses ata finais de outubro. Quere dicir que a finais quedamos outra vez sen arquitecto”.

### **Sra. Alcaldesa:**

-“Faremos unha prórroga”

### **Sr. José Marcote:**

-“Coidado coas irregularidades. Teña coidado porque nós fixemos tantas irregularidades co arquitecto que non vaian ser contaxiosas”.

### **Sra. Teresa Fernández:**

-“Algunhas son repetidas como o PEPRICH. Tamén xa nos dixeron que iría nun Pleno extraordinario incluíndo as ordenanzas dos camiños forestais.

Unha pregunta: se se pode facer algunha actuación na Rúa Vasco Pérez Mariño ( antiga corredoira ), é un tramo do camiño xacobeo, está moi transitada. Mentres non haxa un proxecto en firme haberá que bachealo”



**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

**Sra. Alcaldesa:**

-“Teño que pensalo”

**Sra. Teresa Fernández:**

-“Pódeme dicir a canto ascende o gasto derivado da zona do Porto que foi concesionada”.

**Sra. Alcaldesa:**

-“Así, a modo pronto non, pero tomo nota”

**Sra Teresa Fernández:**

-“Levan tempo coas luces acendidas noite e día”

**Sra Alcaldesa:**

-“Serían días puntuais en todo casos, os gastos serán os da luz porque o resto xa se viña facendo. Que te refires aos gastos ordinarios?”

**Sra. Teresa Fernández:**

-“Mantemento, luz”

**Sra. Alcaldesa:**

-“A factura da limpeza non subiu por limpar eso porque xa o limpaban”

**Sra. Teresa Fernández:**

-“A ordenanza das terrazas exteriores non se traballou nada?”

**Sra. Alcaldesa:**

-“Non, de momento non”

**Sra. Teresa Fernández:**

-“Na zona das xardineiras as plantas e flores que puxestes son de temporada e alí pega o nordeste, ao lado do mar. Están producindo un gasto que dura un mes. Era mellor facer unha proposta doutras plantas que aguanten máis.”

**Sra. Alcaldesa:**

-“Todos os Concellos teñen o seu xardín de temporada e non é ningún dispendio”

**Sra. Teresa Fernández:**



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

-“En San Roque no terreo público que hai que por certo é unhas das opcións que hai para o Centro de Saúde. Nos apoiamos que se faga alí o Centro engandindo un Centro de día, unha obra importante. O edificio actual pertence ao ISM”.

### **Sra. Alcaldesa:**

-“ O Conselleiro sempre manifestou que estaba polo labor de facer un centro novo que non aproveitar o edificio actual”.

### **Sra. Teresa Fernández:**

-“E que se fala que está ben que sexa na zona urbana pero a xente das aldeas e a de Sardiñeiro teñen que vir en coche”

### **Sra. Alcaldesa:**

-“O conselleiro sempre manifestou que estaba polo labor de facer un novo centro máis que por aproveitar o edificio”

### **Sra. Teresa Fernández:**

-“ Se podemos evitar que os do núcleo urbanos aparquen mellor, eu non vou retrasar nin un día porque sexa aquí. Eles tomarán a decisión”

-“Falando desa parcela, había un cartel anunciando o aparcadoiro para caravanas, púxoo o Concello? Despois quitárono cando fixeron as obras do paso de peóns”.

### **Sr. Francisco Lestón:**

-“Basicamente acabou a temporada de verán e as caravanas teñen sitio de sobra. Si foi o Concello, habilítamolo para que puidera ter ese espazo.”

### **Sr. Teresa Fernández:**

-“Eu quero saber se o Concello ten concedido ou facilitado a algunha Asociación ademais de a Asociación de San Vicente a casa Escola de Vilar porque alí hai coches e actividades que non coñezo por eso quero saber se están alguén máis habilitado”

### **Sra. Alcaldesa:**

“Non de feito quen ten a chave é o Concello máis a Asociación”

### **Sra. Teresa Fernández:**

-“Será que por medio da Asociación facilita a outra para facer actividades”

### **Sra. Alcaldesa:**

-“Son a Asociación”



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### **Sra. Teresa Fernández:**

-“A ver se se pode actuar no tramo que vai de Escaselas a Ermedesuxo, un tramo moi transitado por veciños e peregrinos, sería preciso traballar nunha senda peonil nese tramo.

Hai algún tramo que diante das casas xa se fixera un aumento da estrada no Goberno anterior ( na 1ª zona de Escaselas ), aí vese que hai un pouco máis de ancho. Toda a zona de Escaselas xente non pode pasar por alí, tense que meter cara as leiras”.

### **Sra. Alcaldesa:**

-“Xa temos proxectado, hai que buscar o financiamento”.

### **Sra. Teresa Fernández:**

-“Quero preguntar qué pasou cos tapices da memoria, eu fixen unha proposta en febreiro ( se se podía facer o 8 de marzo ) ao final non dou tempo pero aceptastes a proposta desa actividade incluso había unha placa e dípticos para colocar na Casa do Arco despois de vir das diferentes universidades ( Santiago, Coruña, Pontevedra ).

Como non hai resposta e xa falei con vostede a nivel particular, a placa dixestes que desaparecera como a valla de Vilar.”

### **Sra. Alcaldesa:**

-“Temos que reunirnos e montalo na Casa do Arco, poñer o tapiz alí a placa non apareceu”

Como non se producen máis intervencións remata a sesión ás 21.32 horas.